



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE
VALENCIA COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS
NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS
GALEGOS RESIDENTES EN VALENCIA (VENEZUELA).**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Valencia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos maiores residentes en Valencia (Venezuela), con problemas de dependencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na cidade de Valencia (Venezuela), residen unha grande colonia formada por persoas de orixe galega, que pola súa situación carencial, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

A Hermandad Gallega de Valencia, é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa actualmente a preto de mil novecentos socios, dos cales mais de mil son de orixe galego, sendo o segundo país estranxeiro onde máis galegos residen na actualidade, tras





Arxentina. Na actualidade está a desenvolver unha importante política social asistencial orientada a facer efectiva a mellora da calidade de vida dos anciáns pertencentes á colectividade galega.

Nas súas instalacións, a citada entidade xestiona e administra un centro de día no que proporciona aos emigrantes galegos actividades sociais, de espaxemento cultural e recreativo e asistencia mutual e de saúde.

O cambio de normativa acerca das entidades mutualistas e organizacións de asistencia sanitaria, realizada pola República Bolivariana de Venezuela no ano 2011, con entrada en vigor no presente ano, provocou que moitos emigrantes galegos que tiñan subscrita a súa cobertura médica a través de entidades mutualizadas quedaran sen tales coberturas.

Deste colectivo, un gran número de persoas de orixe galega e con nacionalidade española, non dispoñen da pensión económica de ancianidade que concede o Estado español, e os seus recursos non posibilitan a cobertura de tales necesidades.

A intención da Secretaría Xeral da Emigración é colaborar coa Hermandad Gallega de Valencia para facilitar a detección destas necesidades e súa cobertura as persoas de orixe galego máis necesitadas.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrència pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Venezuela, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de xuño de 2016.

